



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1729/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de AGOSTO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta e cinco minutos do día trece de agosto de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Villán Fuertes (Resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación Festas e Xestión Municipal do 2/08/2024), e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(636).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(637).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN TACGAL RECAÍDA NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO “SERVICIO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO, ATENCIÓN AO PÚBLICO E ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”. Expte. 3891/321.

Sométese a aprobación a proposta de data 13/08/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 116/2024 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 103/2024, interposto por COMBINA SOCIAL, S.L.U. contra os pregos da contratación para a prestación do “servicio de portería, control de acceso, atención al público y a las entidades sin ánimo de lucro en los Centros Municipales de Distrito dependientes del servicio de Participación Ciudadana”, expediente 3891-321 . Na mesma o TACGAL estima o recurso.

1º Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por COMBINA SOCIAL, S.L.U. contra os pregos da contratación para a prestación do “servicio de portería, control de acceso, atención al público y a las entidades sin ánimo de lucro en los Centros Municipales de Distrito dependientes del servicio de Participación Ciudadana”, expediente 3891-321 do Concello de Vigo.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación para dar cumprimento ao acordado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL).

ACORDO

A Xunta de Goberno local presta aprobación á precedente proposta.

3(638).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO “ENREDADAS” NA PORTA DO SOL. EXPTE. 10197/335.

Visto o informe de fiscalización de data 13/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/08/2024, asinado pola técnica de Administración xeral e pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1729/1102

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística do grupo "Enredadas" na Porta do Sol (10197-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 9 de agosto de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do GRUPO “ENREDADAS” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de agosto de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 7 de agosto de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 50.820,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 42.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 9 de agosto de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L.

Terceiro.- O 12 de agosto de 2024, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O día 12 de agosto de 2024, reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de

Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, abriuse o “SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL” e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP. Revisada a proposición, comprobouse que se axusta ás esixencias dos pregos.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *“dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación”*.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.”*

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figura o cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1729/1102

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 13 de xuño de 2024 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística do grupo "Enredadas" na Porta do Sol (10197-335) por un prezo total de 50.820,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.820,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta e dous minutos. Como secretaria dou fe.

JVF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez